

## ANEXO II

Tipo de dereito mineiro	Importe
Concesión directa de explotación	2.576,04 € pola primeira cuadrícula e 110,39 € por cada unha das restantes
Permiso de investigación	1.429,14 € pola primeira cuadrícula e 71,45 € por cada unha das restantes
Anexo 3 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010	

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 22 de xuño de 2010 pola que se amplía o prazo para a xustificación de gastos previsto na Resolución do 10 de decembro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria de concesión de axudas para proxectos de fomento do uso do galego nos centros de ensino privados de Galicia, que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2009-2010.*

Por Resolución do 10 de decembro de 2009, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, anúnciase a concesión de axudas para proxectos de fomento do uso do galego dos centros de ensino privados de Galicia, que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2009-2010 (DOG nº 5, do 11 de xaneiro de 2010).

No seu artigo 15 establécese como data límite para a xustificación dos gastos correspondentes aos centros que obtiveron financiamento mediante esta convocatoria para o curso 2009-2010 o 1 de xullo de 2010.

Ao non ser posible a publicación da listaxe de concesión de axudas con tempo suficiente para os centros poderen xustificar os seus gastos no prazo inicialmente establecido, e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede ampliar o referido prazo.

En consecuencia, en uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

### DISPÓÑO:

Artigo único. Modificación do artigo 15 da Resolución do 10 de decembro de 2009, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia a concesión de axudas para proxectos de fomento do uso do galego dos centros de ensino privados de Galicia, que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2009-2010 (DOG nº 5, do 11 de xaneiro de 2010).

O artigo 15, primeiro parágrafo da referida resolución, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 15º.-*Xustificación de gastos.*

A data límite para a xustificación dos gastos correspondentes aos centros que obtiveron financiamento mediante esta convocatoria para o curso 2009-2010 é o 1 de agosto de 2010. Deberá presentarse ante os gabinetes provinciais de Normalización Lingüística.

(...).

### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

*Orde do 23 de xuño de 2010 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2008-2009, convocados pola Orde do 23 de febreiro de 2010 (Diario Oficial de Galicia do 2 de marzo).*

A Orde do 23 de febreiro de 2010 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2008-2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 2 de marzo), establece as bases e o procedemento para a súa concesión.

Unha vez realizada polo xurado de selección a valoración das solicitudes presentadas, publicados os resultados coas puntuacións obtidas polos candidatos, resoltas as reclamacións presentadas, e vista a acta coa proposta definitiva do xurado de selección dos premios extraordinarios e a correspondente proposta do secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre a concesión destes premios, o conselleiro

### DISPÓN:

Primeiro.-Conceder os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior, correspondentes ao curso 2008-2009 ao alumnado que figura no anexo a esta disposición.

Segundo.-Os premios extraordinarios das familias: actividades marítimo-pesqueiras, imaxe persoal, industrias alimentarias e vidro e cerámica quedan desertos por falta de solicitudes.

Terceiro.-Contra esta orde poderase recorrer potestativamente mediante recurso de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de

publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, coas modificacións da Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante o recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de con-

formidade co artigo da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### ANEXO

### Proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2008, 2009

Familia	DNI	Apelidos e nome	Centro educativo	Importe
Actividades agrarias	36137123Y	Alonso Pérez, Marcos	CIFP A Granxa (Ponteareas, Pontevedra)	732€
Actividades físicas e deportivas	33347847D	López Losada, Rebeca	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Lugo)	732 €
Administración	33310433Q	Chao Leal, María José	IES María Sarmiento (Viveiro, Lugo)	732 €
Artes gráficas	53610346Z	López Cerviño, Andrea	IES Montecelo (Pontevedra)	732 €
Comercio e márketing	35480018B	Oubiña García, Patricia	IES Armando Cotarelo Valledor (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra)	732 €
Comunicación, imaxe e son	44090771R	Castro Sa, Alejandra	IES Imaxe e Son (A Coruña)	732€
Edificación e obra civil	76580846T	Andión Folgueira, Marta	IES Politécnico de Vigo (Vigo, Pontevedra)	732 €
Electricidade e electrónica	53306914K	Rodríguez Lata, Carlos	IES Cruceiro Baleares (Culleredo, A Coruña)	732 €
Fabricación mecánica	32709912W	Díaz Romero, Rubén	IES Ferrolterra (Ferrol, A Coruña)	732 €
Hostalaría e turismo	34260710W	García Quintela, María Luisa	IES Río Cabe (Monforte de Lemos, Lugo)	732 €
Informática	33344092A	Muñoz Saavedra, Diego	IES A Piringalla (Lugo)	732 €
Madeira e moble	44825202L	Ruano Fernández, Anxo	CIFP Centro Nacional de FPO de Santiago (Santiago de Compostela, A Coruña)	732 €
Mantemento de vehículos autopropulsados	76733089Y	Blanco Blanco, Roberto	CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo, Pontevedra)	732 €
Mantemento e servizos á produción	33340929Z	Santos Río, Pablo	IES As Mercedes (Lugo)	732 €
Química	44813421Z	Blanco Turnes, Salvador	CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela, A Coruña)	732 €
Sanidade	44833379P	Tobío Román, Ricardo	IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)	732 €
Servizos socioculturais e á comunidade	32708499S	Piñeiro Varela, Eva	IES Sofía Casanova (Ferrol, A Coruña)	732 €
Téxtil, confección e pel	47383975L	Regueira Amara, María Soledad	IES Paseo das Pontes (A Coruña)	732 €

Os/as gañadores/as deberán enviar, no prazo de dez días, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo; edificio administrativo s/n, bloque 2, 1º andar, 15781, Santiago de Compostela, a certificación da titularidade dunha conta bancaria con 20 díxitos na cal se ingresará, mediante transferencia bancaria, a dotación do premio.

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 9 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2010.*

A Constitución española no seu artigo 9.2º establece que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica e social.

Así mesmo, no seu artigo 14 a Constitución española reconece que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

No que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril,

do Estatuto de autonomía para Galicia, sinala que corresponde aos poderes públicos galegos promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos nos cales se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

Atendendo a estes mandatos, elaborouse a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e, en desenvolvemento do título II da citada lei, publicouse o Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, no cal se pretende, en desenvolvemento das competencias asumidas pola Xunta de Galicia conforme ao Estatuto e á Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ir un paso máis alá.

Así, a consecución da inserción laboral en clave de igualdade laboral convértese nunha das claves para facer efectivo o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, xa que este é